

3.3. construcción

O presente capítulo, dedicado ó sector da construción, está dividido en tres grandes apartados. O primeiro deles presenta unha serie de indicadores básicos da construción como a produción, a poboación ocupada, a licitación pública por data de apertura, a produción e consumo de cemento e a construción de vivendas. Para a análise destas variables, as fontes de información empregadas son a Contabilidade Trimestral de Galicia, a Enquisa de Poboación Activa, Seopan e Oficemen.

Na segunda parte, preséntanse os datos característicos das vivendas en Galicia e a súa comparación co total estatal (número de vivendas, superficie, número de edificios, presuposto de execución e prezo medio) a partir dos datos do Ministerio de Fomento.

Finalmente, analizaranse as variables económico-financeiras das 2.961 empresas pertencentes ó sector de construción e obras públicas

segundo a metodoloxía empregada polo servizo de estudos Ardán.

Indicadores básicos da construción

Como primeiro indicador do sector da construción pódese salientar que o **VEB a prezos básicos** (prezos constantes) xerado no sector da construción ascendeu a 486.979 millóns de pesetas en Galicia no ano 2000 (un 6,5% máis que no ano anterior), o que representa en torno ó 7,3% do total xerado en España. Ó igual que no ano anterior, o subsector da construción segue a se-lo sector que máis crece da economía galega, cun crecemento do 6,5% no ano 2000.

A **poboación ocupada** no sector da construción ascendeu a 116,6 miles de persoas sendo o seu peso relativo no total galego do 11,8% fronte ó 11,1% no ano 1999. En termos absolutos, o aumento da ocupación entre ámbolos dous anos considerados é de 11,7 miles de

Licitación pública de tódalas Administracións 1999-00

| | 1999 | 2000 | 00/99 |
|-------------------------------|--------------------------------|------------------|--------------|
| | <i>(en millóns de pesetas)</i> | | <i>%</i> |
| A Coruña | 52.265 | 54.798 | 4,8 |
| Lugo | 15.122 | 19.622 | 29,8 |
| Ourense | 14.167 | 15.969 | 12,7 |
| Pontevedra | 39.914 | 41.310 | 3,5 |
| Varias provincias e/ou CC.AA. | 50.045 | 122 | -99,8 |
| Total | 171.513 | 131.821 | -23,1 |
| España | 2.847.573 | 3.534.450 | 24,1 |
| G/E (%) | 6,02 | 3,73 | |

Fonte: SEOPAN

persoas, o que representa un crecemento do 11,2% respecto ó ano anterior.

Ó longo do ano 2000, a **licitación pública** de tódalas administracións por data de apertura de ofertas, a diferenza do acontecido no conxunto do estado, descende en Galicia tanto no caso global coma no caso da obra civil e da edificación. A licitación pública total ascendeu en Galicia a 131.821 millóns de pesetas (o 3,7% do total estatal licitado), sendo un 23,1% inferior á rexistrada no mesmo período do ano anterior.

Comparada coas outras comunidades autónomas, no ano 2000 Galicia é a oitava comunidade en termos de licitación pública total, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, a C. Valenciana, Castela-A Mancha, País Vasco e Aragón.

Desagregando o estudio por provincias, o **cadro 3.3.1.** reflicte que o valor territorializado da licitación pública ascendeu a 131.699 millóns de pesetas e a non territorializada a 122 millóns. A provincia de A Coruña é a que presenta un maior valor das licitacións cun valor de 54.798 millóns de pesetas, por diante de Pontevedra, con 41.310 millóns de pesetas.

Atendendo ós diferentes tipos de obra, **cadro 3.3.2.**, a licitación oficial na obra civil descendeu un 28,2% respecto ó mesmo período do ano anterior, acadando os 92.823 millóns de pesetas en Galicia (representa o 70,4% do total

licitado en Galicia). No conxunto do estado, a tendencia seguida é a contraria, xa que este tipo de licitación medrou un 17,3%. Tanto en Galicia coma en España, o subsector transportes é o máis importante en canto ó total licitado, acollendo en torno o 56% do total licitado na obra civil en Galicia (63% no conxunto estatal).

A provincia de A Coruña licitou obra civil por un valor de 39.516 millóns de pesetas, o que representa o 42,6% do total licitado en obra civil en Galicia, sendo a súa porcentaxe sobre o total licitado na provincia do 72,1%. En Pontevedra a licitación pública en obra civil ascendeu a 28.721 millóns de pesetas (o 30,9% do total galego) representando o 69,5% do total licitado na provincia (**cadro 3.3.3.**).

Ó igual que no caso da licitación en obra civil, o total licitado en Galicia en edificación ascendeu a 38.999 millóns de pesetas, o que significa un descenso do 7,8% respecto ó mesmo período do ano anterior, fronte ó crecemento no conxunto do estado do 43,8%. A provincia de A Coruña acolleu o 39,2% do total licitado en edificación en Galicia, seguida de Pontevedra co 32,3%.

No caso da licitación pública das administracións autonómicas, o **cadro 3.3.4.** reflicte que a Xunta de Galicia licitou obras por un valor de 56.535 millóns de pesetas, das que 33.247 millóns de pesetas corresponderon á licitación pública en obra civil e os restantes 23.289

CADRO 3.3.2.

Licitación pública por data de apertura de ofertas de totais Administracións nas CC.AA. 2000. distribución segundo tipo de obra

(en millóns de pesetas)

| | Vivenda | | Equip. Soc. | | | | | | | | | | Resto Edif. | | | | Repar. | | | | | |
|--------------------|---------------|----------------|------------------|-------------|---------------------|---------------------|-----------------|----------------|--------------------|-----------------------|---------------------|------------|----------------|------------|---------------|------------|---------------|------------|----------------|------------|----------------|------------|
| | % TotCA. | Total % TotCA. | Decenas % TotCA. | % TotCA. | Sanitarias % TotCA. | Deportivas % TotCA. | Varias % TotCA. | Total % TotCA. | Administ. % TotCA. | Industriales % TotCA. | Terminales % TotCA. | % TotCA. | % TotCA. | % TotCA. | % TotCA. | | | | | | | |
| Andalucía | 6.864 | 1.9 | 53.763 | 15.2 | 23.028 | 6.5 | 2.713 | 0.8 | 11.487 | 3.3 | 16.336 | 4.7 | 7.559 | 2.1 | 5.038 | 1.4 | 916 | 0.3 | 1.605 | 0.5 | 22.963 | 6.5 |
| Aragón | 643 | 0.4 | 11.335 | 6.5 | 3.845 | 2.2 | 1.435 | 0.8 | 2.341 | 1.3 | 3.714 | 2.1 | 1.957 | 1.1 | 298 | 0.2 | 997 | 0.6 | 661 | 0.4 | 15.910 | 9.1 |
| Asturias | 3.053 | 3.3 | 17.854 | 19.1 | 1.292 | 1.4 | 7.385 | 7.9 | 2.088 | 4.7 | 2.966 | 3.2 | 2.566 | 3.2 | 1.863 | 2.0 | - | - | 1.083 | 1.2 | 3.591 | 3.8 |
| Baleares | 442 | 0.9 | 23.549 | 49.6 | 6.300 | 13.3 | 12.339 | 25.6 | 2.229 | 4.7 | 2.881 | 6.1 | 2.883 | 4.6 | 34 | 0.1 | 276 | 0.6 | 1.874 | 3.9 | 6.923 | 14.6 |
| Canarias | 2.283 | 3.2 | 14.257 | 19.7 | 7.342 | 10.1 | 1.214 | 1.7 | 2.589 | 3.6 | 3.102 | 4.3 | 4.174 | 5.8 | 1.936 | 2.7 | 482 | 0.7 | 1.756 | 2.4 | 7.711 | 10.6 |
| Cantabria | - | - | 5.123 | 10.9 | 915 | 1.9 | 15 | 0.0 | 832 | 1.8 | 3.361 | 7.1 | 4.655 | 10.0 | 142 | 0.3 | 74 | 0.2 | 240 | 0.5 | 5.835 | 12.4 |
| Castela e León | 3.880 | 1.7 | 55.256 | 24.9 | 4.916 | 2.2 | 26.773 | 12.1 | 5.206 | 2.3 | 18.361 | 8.3 | 7.708 | 3.5 | 4.792 | 2.2 | 2.733 | 1.2 | 182 | 0.1 | 6.137 | 2.8 |
| Castela-A Mancha | 3.131 | 2.7 | 18.925 | 16.1 | 6.656 | 5.7 | 961 | 0.8 | 3.563 | 3.1 | 7.715 | 6.6 | 2.535 | 2.2 | 2.188 | 1.9 | 3.36 | 0.3 | - | - | 5.606 | 4.8 |
| Cataluña | 15.074 | 3.5 | 67.516 | 15.5 | 16.609 | 3.8 | 16.038 | 3.7 | 17.281 | 4.0 | 17.587 | 4.0 | 16.759 | 3.9 | 3.028 | 0.7 | 4.756 | 1.1 | 8.977 | 2.1 | 33.750 | 7.8 |
| C. Valenciana | 458 | 0.2 | 43.047 | 17.8 | 18.619 | 7.7 | 1.198 | 0.5 | 3.084 | 1.3 | 20.166 | 8.3 | 21.328 | 8.8 | 19.163 | 7.9 | 1.415 | 0.6 | 750 | 0.3 | 8.846 | 3.7 |
| Extremadura | 3.128 | 6.4 | 7.049 | 14.4 | 5.112 | 10.4 | 1.10 | 0.2 | 226 | 0.5 | 1.601 | 3.3 | 2.85 | 0.6 | 132 | 0.3 | 153 | 0.3 | - | - | 5.238 | 10.7 |
| Galia | 3.476 | 2.6 | 17.547 | 13.3 | 4.241 | 3.2 | 457 | 0.3 | 2.171 | 1.6 | 10.678 | 8.1 | 2.305 | 1.7 | 447 | 0.3 | 734 | 0.6 | 1.125 | 0.9 | 15.670 | 11.9 |
| Madrid | 16.522 | 1.8 | 128.175 | 14.1 | 21.514 | 2.4 | 6.591 | 0.7 | 17.827 | 2.0 | 82.241 | 9.0 | 117.022 | 12.8 | 5.470 | 0.6 | 558 | 0.1 | 110.974 | 12.2 | 89.390 | 9.8 |
| Murcia | 361 | 0.4 | 23.806 | 29.5 | 3.152 | 3.9 | 16.538 | 20.4 | 1.186 | 1.4 | 3.079 | 3.8 | 3.828 | 4.7 | 2.688 | 3.3 | 757 | 0.9 | 373 | 0.5 | 7.128 | 8.8 |
| Navarra | - | - | 6.474 | 15.5 | 1.464 | 3.5 | 1.038 | 2.5 | 1.672 | 4.0 | 2.590 | 5.5 | 2.78 | 0.7 | 112 | 0.3 | 166 | 0.4 | - | - | 1.807 | 4.3 |
| País Vasco | 10.804 | 5.8 | 26.721 | 14.3 | 5.495 | 2.9 | 8.581 | 4.6 | 8.284 | 4.4 | 4.361 | 2.3 | 2.404 | 1.3 | 1.488 | 0.8 | 573 | 0.3 | 342 | 0.2 | 12.995 | 7.0 |
| A Ríoxa | 77 | 0.3 | 3.484 | 15.3 | 56 | 0.2 | 173 | 0.8 | 2.347 | 10.3 | 909 | 4.0 | 1.489 | 6.5 | 89 | 0.4 | 14 | 0.1 | 1.386 | 6.1 | 3.543 | 15.6 |
| Ceuta e Melilla | - | - | 628 | 15.5 | 476 | 11.8 | 13 | 0.3 | - | - | 139 | 3.4 | 108 | 2.7 | - | - | 108 | 2.7 | - | - | 2.157 | 53.3 |
| Varias comunidades | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Total | 70.196 | 2.0 | 524.599 | 14.8 | 131.032 | 3.7 | 103.372 | 2.9 | 84.363 | 2.4 | 295.831 | 5.8 | 195.313 | 5.5 | 48.926 | 1.4 | 15.048 | 0.4 | 131.338 | 3.7 | 259.694 | 7.3 |

| | Estradas | | Transp. | | Urbaniz. | | Hidrául. | | Total Edificación | | Total Obra Civil | | Total Xeral | | | |
|--------------------|------------------|----------------|----------------|----------------------|----------------|-------------------|-------------------|------------|-------------------|-------------|------------------|-------------|------------------|-------------|------------------|-------------|
| | % TotCA. | Total % TotCA. | % TotCA. | Ferrocarril % TotCA. | % TotCA. | Urbaniz. % TotCA. | Hidrául. % TotCA. | % TotCA. | % TotCA. | % TotCA. | % TotCA. | % TotCA. | % TotCA. | | | |
| Andalucía | 91.109 | 25.8 | 86.159 | 24.1 | 686 | 0.2 | 5.264 | 1.5 | 20.858 | 5.9 | 150.143 | 42.5 | 91.148 | 25.8 | | |
| Aragón | 50.370 | 28.8 | 14.791 | 8.5 | 35.579 | 20.4 | - | 11.051 | 6.3 | 83.474 | 47.8 | 144.895 | 29.845 | 174.740 | | |
| Asturias | 49.079 | 52.6 | 40.560 | 43.5 | 2.959 | 3.2 | 5.569 | 6.0 | 12.518 | 13.4 | 4.254 | 4.6 | 27.455 | 29.4 | | |
| Baleares | 5.198 | 11.0 | 3.465 | 7.4 | 832 | 1.8 | 872 | 1.8 | 5.177 | 10.9 | 3.973 | 8.4 | 33.097 | 68.8 | | |
| Canarias | 20.872 | 28.8 | 6.758 | 9.3 | - | - | 14.114 | 19.5 | 15.041 | 20.8 | 8.120 | 11.2 | 28.425 | 38.2 | | |
| Cantabria | 28.112 | 59.6 | 22.556 | 47.8 | 2.099 | 4.5 | 3.467 | 7.3 | 2.569 | 5.4 | 5.062 | 10.7 | 11.414 | 24.2 | | |
| Castela-A Mancha | 102.368 | 46.2 | 98.677 | 44.5 | 3.691 | 1.7 | - | 25.176 | 11.4 | 21.282 | 9.6 | 35.743 | 72.881 | 32.9 | | |
| Castela e León | 59.910 | 45.9 | 41.948 | 35.7 | 11.962 | 10.2 | - | 7.922 | 6.7 | 25.447 | 21.7 | 30.198 | 25.7 | 148.829 | | |
| Cataluña | 177.069 | 40.8 | 55.351 | 12.7 | 117.233 | 27.0 | 4.485 | 1.0 | 74.691 | 17.2 | 49.584 | 11.4 | 133.099 | 30.6 | | |
| C. Valenciana | 70.067 | 29.0 | 35.431 | 14.7 | 29.937 | 12.4 | 4.699 | 1.9 | 30.937 | 12.8 | 67.086 | 27.7 | 73.679 | 30.5 | | |
| Extremadura | 12.641 | 25.8 | 12.641 | 25.8 | - | - | 1.012 | 2.1 | 18.573 | 40.0 | 15.699 | 32.1 | 15.699 | 32.1 | | |
| Galia | 51.958 | 39.4 | 37.639 | 28.5 | 1.796 | 1.4 | 12.623 | 9.6 | 22.141 | 16.8 | 18.724 | 14.2 | 38.999 | 29.6 | | |
| Madrid | 443.378 | 48.6 | 219.536 | 24.1 | 223.842 | 24.5 | - | 94.985 | 10.4 | 22.818 | 2.5 | 351.089 | 35.1 | 912.269 | | |
| Murcia | 26.852 | 33.1 | 9.866 | 12.1 | 85 | 0.1 | 16.932 | 20.9 | 7.488 | 9.2 | 11.581 | 14.3 | 35.213 | 43.4 | | |
| Navarra | 10.385 | 24.9 | 10.385 | 24.9 | - | - | - | 7.328 | 17.6 | 15.474 | 37.1 | 8.559 | 20.5 | 41.746 | | |
| País Vasco | 93.513 | 50.1 | 70.556 | 37.8 | 20.675 | 11.1 | 2.282 | 1.2 | 20.408 | 10.9 | 19.968 | 10.7 | 52.924 | 28.3 | | |
| A Ríoxa | 4.130 | 18.1 | 4.130 | 18.1 | - | - | - | 6.639 | 28.1 | 3.418 | 15.0 | 8.594 | 37.7 | 14.187 | | |
| Ceuta e Melilla | 975 | 24.1 | 674 | 16.7 | - | - | 301 | 7.4 | 177 | 4.4 | - | 2.893 | 71.5 | 4.045 | | |
| Varias comunidades | 272.912 | 90.6 | 3.537 | 1.2 | 289.376 | 89.5 | - | - | - | - | 24.688 | 8.2 | 3.495 | 1.2 | | |
| Total | 1.564.898 | 44.3 | 773.960 | 21.9 | 720.750 | 20.4 | 70.568 | 2.0 | 366.118 | 10.4 | 554.629 | 15.7 | 1.048.806 | 29.7 | 2.485.646 | 70.3 |

Fonte: SEOPAN

CADRO 3.3.4.

Licitación pública por data de apertura de ofertas das Administracións autonómicas 2000: distribución segundo tipo de obra

(en millóns de pesetas)

| | Vivenda | | | | | | | | | | Equip. Soc. | | | | | | | | | | Resto Edif. | | | | | | | | | | Repar. | |
|-------------------|------------|-------|------------|----------|------------|------------|------------|------------|------------|-------|-------------|-------|------------|------------|------------|-------------|------------|----------|------------|-------|-------------|----------|------------|-------|------------|--|--|--|--|--|--------|--|
| | % Toi.C.A. | Total | % Toi.C.A. | Docentes | % Toi.C.A. | Sanitarias | % Toi.C.A. | Deportivas | % Toi.C.A. | Varas | % Toi.C.A. | Total | % Toi.C.A. | Administr. | % Toi.C.A. | Industriais | % Toi.C.A. | Terminas | % Toi.C.A. | Total | % Toi.C.A. | Terminas | % Toi.C.A. | Total | % Toi.C.A. | | | | | | | |
| Andalucía | 2,066 | 23 | 12,430 | 13,5 | 7,411 | 8,0 | 1,741 | 19 | 2,84 | 2,8 | 684 | 0,8 | 2,821 | 3,1 | 2,806 | 3,0 | - | - | 15 | 0,0 | - | - | 9,402 | 10,2 | | | | | | | | |
| Aragón | 643 | 5,3 | 4,612 | 3,7 | 2,872 | 23,5 | 541 | 4,4 | 339 | 3,1 | 819 | 6,7 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 536 | 4,3 | | | | | | | | |
| Asturias | 3,053 | 13,0 | 1,561 | 6,7 | 980 | 4,2 | 137 | 0,6 | 36 | 0,1 | 420 | 1,8 | 2,298 | 9,8 | 1,205 | 5,1 | - | - | 1,083 | 4,7 | - | - | 1,779 | 7,6 | | | | | | | | |
| Baleares | 442 | 4,4 | 4,946 | 46,9 | 4,414 | 43,7 | - | - | 532 | 5,3 | - | - | 386 | 3,8 | - | - | - | - | - | - | - | - | 372 | 7,1 | | | | | | | | |
| Canarias | 1,277 | 8,7 | 8,730 | 59,2 | 6,753 | 45,8 | 781 | 5,3 | - | - | 1,196 | 8,1 | 383 | 2,6 | 253 | 1,7 | 131 | 0,9 | - | - | - | - | 738 | 5,0 | | | | | | | | |
| Cantabria | - | - | 1,877 | 15,4 | 827 | 6,8 | - | - | 442 | 3,6 | 608 | 5,0 | 277 | 2,3 | - | - | 36 | 0,3 | - | - | - | - | 240 | 7,1 | | | | | | | | |
| Castela-La Mancha | 727 | 1,5 | 7,909 | 16,3 | 5,972 | 12,3 | 60 | 0,1 | 884 | 1,8 | 993 | 2,0 | 2,653 | 4,2 | 2,053 | 4,2 | - | - | - | - | - | - | - | - | | | | | | | | |
| Castela e León | 3,764 | 4,8 | 10,078 | 12,7 | 4,854 | 6,1 | 696 | 0,8 | 591 | 0,7 | 3,978 | 5,0 | 3,787 | 4,8 | 3,223 | 4,1 | 442 | 0,6 | 122 | 0,2 | - | - | 1,088 | 1,4 | | | | | | | | |
| Cataluña | 8,888 | 7,1 | 33,157 | 26,6 | 14,791 | 11,9 | 13,989 | 11,2 | 10,9 | 0,1 | 4,348 | 3,5 | 2,411 | 1,9 | 1,20 | 0,1 | 179 | 0,1 | 2,112 | 1,7 | - | - | 10,812 | 8,7 | | | | | | | | |
| C. Valenciana | 419 | 0,4 | 25,655 | 22,4 | 17,345 | 15,2 | 772 | 0,7 | 1,633 | 1,0 | 6,295 | 5,5 | 17,247 | 15,1 | 16,750 | 14,7 | 110 | 0,1 | 386 | 0,3 | - | - | 4,122 | 3,6 | | | | | | | | |
| Extremadura | 579 | 2,4 | 6,037 | 24,9 | 5,112 | 21,1 | 110 | 0,5 | 53 | 0,2 | 762 | 3,1 | 206 | 0,8 | 132 | 0,5 | 74 | 0,3 | - | - | - | - | 1,528 | 6,3 | | | | | | | | |
| Galicia | 3,466 | 6,1 | 9,068 | 16,1 | 3,822 | 6,8 | 457 | 0,8 | 1,171 | 2,1 | 3,635 | 6,4 | 929 | 1,6 | 28 | 0,4 | 721 | 1,3 | - | - | - | - | 9,808 | 17,3 | | | | | | | | |
| Madrid | 3,037 | 1,1 | 41,500 | 14,4 | 11,589 | 4,0 | 1,694 | 0,6 | 1,231 | 0,4 | 27,076 | 9,4 | 1,914 | 0,7 | 74 | 0,0 | - | - | 1,840 | 0,6 | - | - | - | - | | | | | | | | |
| Murcia | 355 | 1,2 | 16,491 | 56,3 | 2,897 | 10,2 | 13,321 | 45,5 | 39 | 0,1 | 144 | 0,5 | 844 | 2,9 | 526 | 1,8 | 232 | 0,8 | 86 | 0,3 | - | - | 1,155 | 3,9 | | | | | | | | |
| Navarra | - | - | 2,132 | 16,6 | 1,362 | 10,5 | 590 | 4,6 | - | - | 190 | 1,5 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 365 | 2,8 | | | | | | | | |
| País Vasco | 4,398 | 11,8 | 13,819 | 37,2 | 5,148 | 13,9 | 7,768 | 20,9 | 53 | 0,1 | 853 | 2,3 | 280 | 0,8 | 210 | 0,6 | 66 | 0,2 | - | - | - | - | 3,959 | 10,7 | | | | | | | | |
| A Ríoxa | - | - | 400 | 11,8 | 36 | 1,7 | 41 | 1,2 | 241 | 7,1 | 62 | 1,8 | 74 | 2,2 | - | - | - | - | 74 | 2,2 | - | - | 123 | 3,6 | | | | | | | | |
| Total | 33,154 | 3,4 | 200,330 | 20,4 | 96,231 | 9,8 | 42,486 | 4,3 | 9,577 | 1,0 | 32,063 | 5,3 | 35,910 | 3,7 | 27,563 | 2,8 | 2,005 | 0,2 | 6,340 | 0,6 | - | - | 46,990 | 4,8 | | | | | | | | |

| | Transp. | | | | | | | | | | Urbaniz. | | | | | | | | | | Hidroal. | | | | | | | | | | Total xeral | |
|-------------------|------------|----------|------------|--------------|------------|--------|------------|----------|------------|----------|------------|--------|------------|----------|------------|----------|------------|--------|------------|----------|------------|----------|------------|--------|------------|------|--|--|--|--|-------------|--|
| | % Toi.C.A. | Estradas | % Toi.C.A. | Ferrocarrils | % Toi.C.A. | Portos | % Toi.C.A. | Urbaniz. | % Toi.C.A. | Hidroal. | % Toi.C.A. | Total | % Toi.C.A. | Urbaniz. | % Toi.C.A. | Hidroal. | % Toi.C.A. | Total | % Toi.C.A. | Urbaniz. | % Toi.C.A. | Hidroal. | % Toi.C.A. | Total | % Toi.C.A. | | | | | | | |
| Andalucía | 46,394 | 53,6 | 49,088 | 53,3 | - | 306 | 0,3 | 693 | 0,8 | 15,292 | 16,6 | 26,749 | 29,0 | 65,390 | 71,0 | 92,129 | 100,0 | 26,749 | 29,0 | 65,390 | 71,0 | 92,129 | 100,0 | 26,749 | 29,0 | | | | | | | |
| Aragón | 2,625 | 21,4 | 2,625 | 21,4 | - | - | - | 3,616 | 29,5 | 221 | 1,8 | 5,791 | 47,2 | 6,462 | 52,8 | 12,243 | 100,0 | 5,791 | 47,2 | 6,462 | 52,8 | 12,243 | 100,0 | 5,791 | 47,2 | | | | | | | |
| Asturias | 9,165 | 39,2 | 9,117 | 38,9 | - | 68 | 0,3 | 3,811 | 15,4 | 1,917 | 8,2 | 8,711 | 37,2 | 14,713 | 62,8 | 23,423 | 100,0 | 8,711 | 37,2 | 14,713 | 62,8 | 23,423 | 100,0 | 8,711 | 37,2 | | | | | | | |
| Baleares | 2,426 | 24,0 | 1,421 | 14,1 | 82 | 0,8 | 174 | 1,7 | 1,032 | 10,2 | 6,488 | 64,2 | 3,620 | 35,8 | 10,108 | 100,0 | 3,620 | 35,8 | 10,108 | 100,0 | 3,620 | 35,8 | 10,108 | 100,0 | 3,620 | 35,8 | | | | | | |
| Canarias | 1,647 | 11,2 | 1,428 | 9,7 | - | 221 | 1,5 | 678 | 4,6 | 1,289 | 8,7 | 11,128 | 75,5 | 3,614 | 24,5 | 14,742 | 100,0 | 11,128 | 75,5 | 3,614 | 24,5 | 14,742 | 100,0 | 11,128 | 75,5 | | | | | | | |
| Cantabria | 4,123 | 33,8 | 2,724 | 22,3 | - | 1,388 | 11,5 | 1,278 | 10,5 | 3,783 | 31,0 | 10,689 | 22,1 | 37,771 | 77,9 | 48,480 | 100,0 | 10,689 | 22,1 | 37,771 | 77,9 | 48,480 | 100,0 | 10,689 | 22,1 | | | | | | | |
| Castela-La Mancha | 28,953 | 59,7 | 28,953 | 59,7 | - | - | - | 7,073 | 8,9 | 7,189 | 9,1 | 18,717 | 23,6 | 60,494 | 76,4 | 79,212 | 100,0 | 18,717 | 23,6 | 60,494 | 76,4 | 79,212 | 100,0 | 18,717 | 23,6 | | | | | | | |
| Castela e León | 48,232 | 58,4 | 46,232 | 58,4 | - | - | - | 12,871 | 10,3 | 18,862 | 15,2 | 55,278 | 44,4 | 69,188 | 56,6 | 124,496 | 100,0 | 12,871 | 10,3 | 18,862 | 15,2 | 55,278 | 44,4 | 69,188 | 56,6 | | | | | | | |
| Cataluña | 37,455 | 30,1 | 30,943 | 24,5 | 23,079 | 20,2 | 289 | 0,2 | 7,770 | 6,8 | 20,407 | 17,9 | 47,353 | 41,4 | 114,307 | 100,0 | 20,407 | 17,9 | 47,353 | 41,4 | 114,307 | 100,0 | 20,407 | 17,9 | | | | | | | | |
| C. Valenciana | 38,777 | 33,9 | 15,430 | 13,5 | - | - | - | 4,927 | 20,3 | 8,350 | 34,4 | 23,288 | 41,2 | 33,247 | 58,8 | 56,535 | 100,0 | 4,927 | 20,3 | 8,350 | 34,4 | 23,288 | 41,2 | 33,247 | 58,8 | | | | | | | |
| Extremadura | 10,549 | 43,5 | 10,549 | 43,5 | - | - | - | 4,20 | 1,7 | 4,927 | 20,3 | 8,350 | 34,4 | 15,896 | 66,6 | 24,246 | 100,0 | 4,20 | 1,7 | 4,927 | 20,3 | 8,350 | 34,4 | 15,896 | 66,6 | | | | | | | |
| Galicia | 16,288 | 27,0 | 11,468 | 20,3 | 674 | 1,2 | 3,115 | 5,5 | 9,267 | 16,4 | 8,892 | 15,4 | 23,288 | 41,2 | 33,247 | 58,8 | 56,535 | 100,0 | 23,288 | 41,2 | 33,247 | 58,8 | 56,535 | 100,0 | 23,288 | 41,2 | | | | | | |
| Madrid | 2,193,663 | 76,4 | 16,241 | 5,6 | 20,622 | 70,7 | - | - | 9,475 | 3,3 | 12,092 | 4,2 | 46,451 | 16,1 | 241,430 | 83,9 | 297,681 | 100,0 | 46,451 | 16,1 | 241,430 | 83,9 | 297,681 | 100,0 | 46,451 | 16,1 | | | | | | |
| Murcia | 5,864 | 20,0 | 5,822 | 19,9 | - | 42 | 0,1 | 94 | 0,3 | 4,497 | 15,3 | 18,845 | 64,3 | 10,454 | 35,7 | 29,300 | 100,0 | 18,845 | 64,3 | 10,454 | 35,7 | 29,300 | 100,0 | 18,845 | 64,3 | | | | | | | |
| Navarra | 8,969 | 69,8 | 8,969 | 69,8 | - | - | - | 1,330 | 10,5 | 32 | 0,2 | 2,497 | 19,4 | 10,351 | 80,6 | 12,848 | 100,0 | 2,497 | 19,4 | 10,351 | 80,6 | 12,848 | 100,0 | 2,497 | 19,4 | | | | | | | |
| País Vasco | 9,250 | 24,9 | 333 | 0,9 | 7,728 | 20,8 | 1,188 | 3,2 | 4,486 | 12,1 | 22,456 | 60,4 | 14,697 | 36,6 | 37,153 | 100,0 | 22,456 | 60,4 | 14,697 | 36,6 | 37,153 | 100,0 | 22,456 | 60,4 | | | | | | | | |
| A Ríoxa | 1,422 | 42,0 | 1,422 | 42,0 | - | - | - | 223 | 6,6 | 1,142 | 33,8 | 597 | 17,6 | 2,786 | 82,4 | 3,383 | 100,0 | 597 | 17,6 | 2,786 | 82,4 | 3,383 | 100,0 | 597 | 17,6 | | | | | | | |
| Total | 492,022 | 50,1 | 242,383 | 24,7 | 242,672 | 24,7 | 6,996 | 0,7 | 59,834 | 6,1 | 114,385 | 11,6 | 316,403 | 32,2 | 866,241 | 67,8 | 992,644 | 100,0 | 316,403 | 32,2 | 866,241 | 67,8 | 992,644 | 100,0 | 316,403 | 32,2 | | | | | | |

Fuente: SECOPAN

Vendas e consumo de cemento 1999-00

| | Vendas | | | Consumo | | |
|-------------------|------------------|------------------|------------|------------------|------------------|------------|
| | 1999 | 2000 | 00/99 | 1999 | 2000 | 00/99 |
| | (en Tm.) | | % | (en Tm.) | | % |
| A Coruña | 867.660 | 958.714 | 10,5 | 867.661 | 958.714 | 10,5 |
| Lugo | 304.150 | 338.543 | 11,3 | 304.150 | 338.567 | 11,3 |
| Ourense | 203.178 | 223.326 | 9,9 | 203.178 | 223.326 | 9,9 |
| Pontevedra | 874.002 | 850.582 | -2,7 | 908.070 | 943.593 | 3,9 |
| Total | 2.248.990 | 2.371.165 | 5,4 | 2.283.059 | 2.464.200 | 7,9 |
| España | 32.632.262 | 36.255.114 | 11,1 | 34.626.973 | 38.438.638 | 11,0 |
| G/E (%) | 6,89 | 6,54 | | 6,59 | 6,41 | |

Fonte: *Oficemen*

millóns de pesetas á obra en edificación. Atendendo á evolución seguida respecto ó ano anterior, ó contrario do acontecido no caso de todas as administracións, Galicia experimenta un medre do 6,6% mentres que o conxunto das administracións autonómicas aumentou a súa licitación un 11,2%. No caso da obra civil o aumento experimentado na administración galega foi do 12,4% fronte ó 9,7% no conxunto das administracións. Pola contra, a licitación no caso do total edificación experimentou un lixeiro descenso na comunidade galega, medrando un 14,5% no conxunto de todas as administracións autonómicas.

Respecto ó **consumo de cemento**, ó longo do ano 2000 consumíronse en Galicia un total de 2.464.200 toneladas, o que representa o 6,4% do total consumido en España. Comparado cos datos rexistrados no ano anterior, o consumo de cemento medrou un 7,9% en Galicia fronte a un crecemento do 11% no conxunto do estado (**cadro 3.3.5.**).

No ano 2000 a provincia de A Coruña, logo dun crecemento do 10,5% respecto a 1999, convértese na provincia con maior consumo de Galicia, con 958.714 toneladas, superando este ano a Pontevedra, con 943.593 toneladas (o consumo nesta provincia medrou un 3,9%).

Respecto á evolución das vendas de cemento, estas ascenderon a 2.371.165 toneladas (un 5,4% máis que en 1999) o que representa o 6,5% do total estatal. A provincia de Pontevedra foi a única que rexistrou un descenso no

volumen total de vendas, cunha caída do 2,7% respecto ó ano 1999.

Datos de vivenda

En canto á **construción de vivendas**, os datos do **cadro 3.3.6.** amosan, nos tres primeiros meses do ano 2000, un aumento no número de vivendas rematadas (un 13% respecto ó mesmo período do ano anterior), fronte ó descenso experimentado no caso das vivendas iniciadas (21,4%). O número de vivendas visadas, por mor da evolución das vivendas libres (as de protección oficial permanecen practicamente constante), medrou en Galicia un 41,5% respecto ó ano anterior. En España, o volume de vivendas iniciadas e rematadas nos tres primeiros meses do ano 2000 aumenta un 4,0% e un 88,3%, respectivamente, influenciadas polo crecemento das vivendas libres (as de protección oficial descenden en España nese período).

Os datos xerais de vivenda en Galicia, recollidos no **cadro 3.3.7.**, reflicten que en Galicia o número de edificios de nova planta a construír ascendeu a 8.036 (7.350 edificios residenciais) cunha superficie media a construír de 6.372 miles de metros cadrados (en edificación residencial, 5.753). O número de vivendas a construír ascendeu a 29.949 (25.034 no ano anterior).

Xunto a esta edificación de nova planta, no último ano había un total de 1.700 edificios a rehabilitar (1.075 vivendas creadas en rehabilitación) e 511 edificios a demoler (879 vivendas),

CADRO 3.3.6.

Construcción de viviendas en Galicia e España 1999-00

Viviendas iniciadas

| | Galicia | | | España (1) | | |
|----------|-----------|--------|--------|------------|--------|-------|
| | P.Oficial | Libres | Total | P.Oficial | Libres | Total |
| 1999 | 3.933 | 26.378 | 30.311 | 57,6 | 453 | 510,6 |
| 2000 (2) | 758 | 5.579 | 6.337 | 12,9 | 113,1 | 126,0 |
| 00/99 | -56,9 | -11,9 | -21,4 | -29,5 | 9,9 | 4,0 |

Viviendas rematadas

| | Galicia | | | España | | |
|----------|-----------|--------|--------|-----------|--------|-------|
| | P.Oficial | Libres | Total | P.Oficial | Libres | Total |
| 1999 | 3.258 | 18.811 | 22.069 | 59,9 | 296,3 | 356,2 |
| 2000 (2) | 672 | 3.912 | 4.584 | 10,6 | 141,0 | 151,6 |
| 00/99 | 68,0 | 7,0 | 13,0 | -35,4 | 120,0 | 88,3 |

Viviendas visadas

| | Galicia | | | España | | |
|-------|-----------|--------|--------|-----------|--------|-------|
| | P.Oficial | Libres | Total | P.Oficial | Libres | Total |
| 1999 | 2.184 | 22.779 | 24.963 | 58,6 | 502,9 | 561,5 |
| 2000 | 2.183 | 33.134 | 35.317 | | | |
| 00/99 | 0,0 | 45,5 | 41,5 | | | |

(1) os datos de España están en miles

(2) datos correspondientes ós tres primeiros meses do ano

Fonte: IGE, INE

CADRO 3.3.7.

Edificación e viviendas en Galicia e España 1999-00: datos xerais

| | Galicia | | España | |
|-------------------------------------|---------------|---------------|----------------------------|----------------|
| | 1999 | 2000 | 1999 | 2000 |
| Edificación de nova planta | | | | |
| Edificios a construír | 7.713 | 8.036 | 146.939 | 156.879 |
| Residencial | 7.178 | 7.350 | 131.280 | 141.043 |
| Non residencial | 535 | 686 | 15.659 | 15.836 |
| | | | (en miles m ²) | |
| Superficie a construír | 5.463 | 6.372 | 80.802 | 89.368 |
| Residencial | 4.950 | 5.753 | 66.586 | 73.286 |
| Non residencial | 513 | 619 | 14.216 | 16.082 |
| Viviendas a construír | 25.034 | 29.949 | 392.208 | 438.620 |
| Obras de rehabilitación | | | | |
| Edificios a rehabilitar | 1.512 | 1.700 | 25.591 | 26.334 |
| Viviendas creadas en rehabilitación | 1.152 | 1.075 | 12.624 | 14.222 |
| Obras de rehabilitación | | | | |
| Edificios a demoler | 392 | 511 | 10.794 | 11.859 |
| Viviendas a demoler | 1.123 | 879 | 13.947 | 15.101 |
| Total viviendas | 25.063 | 30.145 | 390.885 | 437.741 |

Fonte: Ministerio de Fomento

polo que o número total de viviendas ascendeu a 30.145 (o 6,9% do total de viviendas no conxunto do estado).

En relación ós visados de dirección de obra nova no ano 2000, o número de edificios ascen-

deu a 6.790 (un 0,9% inferior á do ano anterior) dos que 6.215 corresponderon a viviendas, sendo a superficie total a construír de 6.230,9 miles de metros cadrados (un 6,6% máis que en 1999) dos que 5.258,8 miles de metros cadrados corresponden a viviendas. O presuposto de execución

CADRO 3.3.8.

Visados de dirección de obra en Galicia e España 1999-00: obra nova

| | Galicia | | | España | | |
|--------------------------------|-----------|-----------|---------------------|-------------|-------------|-------|
| | 1999 | 2000 | 00/99 | 1999 | 2000 | 00/99 |
| | | | | | | % |
| Total edificios | 6.852 | 6.790 | -0,90 | 193.971 | 200.768 | 3,50 |
| Vivendas | 6.341 | 6.215 | -1,99 | 179.887 | 186.979 | 3,94 |
| Servicios comerciais | 201 | 217 | 7,96 | 4.563 | 5.149 | 12,84 |
| Outros | 310 | 358 | 15,48 | 9.521 | 8.640 | -9,25 |
| | | | (m ²) | | | |
| Superficie a construír | 5.846.573 | 6.230.883 | 6,57 | 101.448.680 | 106.615.399 | 5,09 |
| Vivendas | 5.119.134 | 5.258.750 | 2,73 | 84.039.649 | 87.317.450 | 3,90 |
| Servicios comerciais | 259.444 | 361.029 | 39,15 | 4.481.564 | 6.042.717 | 34,84 |
| Outros | 467.995 | 611.104 | 30,58 | 12.927.467 | 13.255.232 | 2,54 |
| | | | (en millóns de pts) | | | |
| Presuposto de execución | 2.079.419 | 2.328.030 | 11,96 | 43.498.382 | 47.426.343 | 9,03 |

Fonte: Ministerio de Fomento, Edificación e Vivenda

CADRO 3.3.9.

Visados de dirección de obras en Galicia e España 1999-00: obras de ampliación e reforma ou restauración

| | Galicia | | | España | | |
|---|---------|---------|----------------------|-----------|-----------|-------|
| | 1999 | 2000 | 00/99 | 1999 | 2000 | 00/99 |
| | | | | | | % |
| Obras de ampliación | | | | | | |
| Total edificios | 653 | 655 | 0,31 | 12.575 | 12.981 | 3,23 |
| Vivendas | 489 | 490 | 0,20 | 9.867 | 10.149 | 2,86 |
| Outros | 164 | 165 | 0,61 | 2.708 | 2.832 | 4,58 |
| | | | (m ²) | | | |
| Superficie a construír | 178.780 | 276.936 | 54,90 | 2.878.975 | 3.059.759 | 6,28 |
| Vivendas | 95.498 | 109.893 | 15,07 | 1.418.526 | 1.456.307 | 2,66 |
| Outros | 83.282 | 167.043 | 100,58 | 1.460.449 | 1.603.452 | 9,79 |
| | | | (en millóns de ptas) | | | |
| Presuposto de execución | 63.996 | 103.732 | 62,09 | 1.167.293 | 1.264.038 | 8,29 |
| Obras de reforma e/ou restauración | | | | | | |
| Total edificios | 742 | 869 | 17,12 | 21.871 | 27.258 | 24,63 |
| | | | (en millóns de ptas) | | | |
| Presuposto de execución | 104.584 | 120.329 | 15,05 | 2.109.465 | 2.589.788 | 22,77 |

Fonte: Ministerio de Fomento, Edificación e Vivenda

acadou os 2.328,0 miles de millóns de pesetas, case un 12% superior á do ano anterior (**cadro 3.3.8.**).

Respecto ós visados de dirección de obras de ampliación, o **cadro 3.3.9.** amosa que o número total de edificios a 655 (653 visados en 1999) dos que 490 corresponderon a vivendas. A superficie a construír foi de 276.936 m², un 54,9% inferior á de 1999, e o presuposto de execución acadou os 103.732 millóns de pesetas.

No concerne ós visados de obras de reformas e/ou restauración, o devandito **cadro 3.3.9.** reflicte que o número de edificios aumen-

tou ata 869. O presuposto de execución experimenta un crecemento do 15,1% respecto ó existente en 1999, acadando un valor de 120.329 millóns de pesetas.

O **cadro 3.3.10.** reflicte que no ano 2000 o número de certificacións fin de obra ascendeu a 2.582 certificados (un 7,8% máis que no ano precedente), o que representa o 3,5% do número de certificados totais en España.

Respecto a estas certificacións fin de obra, o número total de edificios ascendeu a 3.096 (un 13,2%) máis que no ano precedente, dos que 3.085 corresponden a promotores privados e 11,

CADRO 3.3.10.

Certificacións fin de obra 1999-00

| | Galicia | | España | |
|---|----------|-----------|-----------------------|-------------|
| | 1999 | 2000 | 1999 | 2000 |
| Nº de certificados | 2.396 | 2.582 | 65.921 | 74.284 |
| Nº de edificios | 2.736 | 3.096 | 104.337 | 117.173 |
| Promotor privado | 2.730 | 3.085 | 103.230 | 116.123 |
| Persoas físicas e Comunidades de propietarios | 1.591 | 1.796 | 51.501 | 53.265 |
| Sociedades mercantís | 1.115 | 1.241 | 47.256 | 57.450 |
| Cooperativas | 4 | 27 | 2.720 | 3.263 |
| Outros | 20 | 21 | 1.753 | 2.145 |
| Administracións públicas | 6 | 11 | 1.107 | 1.050 |
| Nº de vivendas | 14.045 | 15.429 | 321.177 | 366.775 |
| Promotor privado | 14.004 | 15.342 | 316.743 | 363.286 |
| Persoas físicas e Comunidades de propietarios | 2.635 | 3.084 | 95.953 | 97.639 |
| Sociedades mercantís | 11.209 | 11.743 | 203.451 | 248.172 |
| Cooperativas | 94 | 453 | 12.340 | 11.778 |
| Outros | 66 | 62 | 4.999 | 5.697 |
| Administracións públicas | 41 | 87 | 4.434 | 3.489 |
| | | | (en millóns de ptas.) | |
| Valor liquidación da exec. Material das obras | 98.477,0 | 111.693,3 | 2.398.732,7 | 2.879.983,7 |

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 3.3.11.

Prezos medios do m² das vivendas nas CC.AA. 1999-00

| | 1999 | 2000 | 00/99 | 90 m ² / RFB ^D (1) | |
|------------------|-----------------------|-------|-------|--|-------|
| | (en miles de pesetas) | | % | 1999 | 2000 |
| Andalucía | 97,9 | 110,4 | 12,79 | 6,19 | 6,39 |
| Aragón | 109,4 | 128,0 | 17,02 | 5,09 | 5,48 |
| Asturias | 120,1 | 132,1 | 10,03 | 6,76 | 6,86 |
| Baleares | 155,5 | 191,8 | 23,32 | 6,68 | 7,58 |
| Canarias | 137,2 | 160,2 | 16,77 | 7,19 | 7,64 |
| Cantabria | 128,1 | 145,8 | 13,75 | 6,54 | 6,79 |
| Castela-A Mancha | 79,6 | 86,5 | 8,62 | 4,41 | 4,41 |
| Castela e León | 121,3 | 136,3 | 12,32 | 5,90 | 6,08 |
| Cataluña | 168,4 | 194,6 | 15,57 | 8,47 | 9,03 |
| C. Valenciana | 97,0 | 109,8 | 13,17 | 4,95 | 5,11 |
| Estremadura | 71,1 | 76,3 | 7,27 | 4,40 | 4,32 |
| Galicia | 102,1 | 110,0 | 7,76 | 5,91 | 5,87 |
| Madrid | 195,6 | 224,1 | 14,55 | 8,93 | 9,39 |
| Murcia | 79,9 | 89,5 | 12,05 | 4,77 | 4,96 |
| Navarra | 138,4 | 161,3 | 16,58 | 5,98 | 6,44 |
| País Vasco | 194,7 | 235,4 | 20,89 | 9,81 | 11,23 |
| A Rioxa | 112,2 | 131,6 | 17,25 | 5,03 | 5,52 |
| Total | 131,8 | 150,9 | 14,47 | 6,92 | 7,29 |

(1) RFB^D= Renda familiar bruta disponible (poder de compra por habitante)

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico, e Funcas

a administracións públicas. O número de vivendas foi de 15.429 (15.342 corresponde a promotores privados).

Finalmente, o **cadro 3.3.11.** reflicte o prezo medio do metro cadrado da vivenda en Galicia. Este ascendeu a 110,0 miles de pesetas no ano 2000, un 7,8% superior ó rexistrado no ano precedente. Comparado co total estatal (o prezo medio medrou un 14,5% para situarse nos 150,9 miles de pesetas), o prezo medio da vivenda en Galicia é un 27,1% inferior no ano 2000.

Respecto ás outras comunidades autónomas, Galicia é a quinta comunidade co menor prezo medio por metro cadrado, sendo superada por Estremadura (76,3 miles de pesetas), Castela-A Mancha (86,5 miles de pesetas), Murcia (89,5 miles de pesetas) e C. Valenciana (109,8 miles de pesetas), e a segunda comunidade en canto á taxa de crecemento se refire, por detrás de Estremadura (7,3%).

Se se considera que a vivenda tipo ten unha superficie de 90 metros cadrados, o devandito

CADRO 3.3.12.

Sector construción e obras públicas 1999: actividades que comprende o grupo

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|--|---------------|-------------------------|-------------------|------------------|---------------------|---------------|
| <i>(en millóns de pesetas)</i> | | | | | | |
| Area e gravilla para a construción | 36 | 9.302,97 | 3.716,59 | 1.290,63 | 12.864,61 | 18 |
| Cemento e preparados de formigón, cal e xeso | 41 | 36.041,98 | 9.944,04 | 9.121,22 | 159.075,99 | 33 |
| Prefabricados de formigón | 57 | 15.848,65 | 4.364,82 | 950,15 | 14.342,58 | 22 |
| Fabricación outros produtos para construción | 36 | 12.505,83 | 4.071,75 | 1.329,74 | 14.936,83 | 21 |
| Traballos de carpintería metálica | 210 | 50.549,50 | 15.834,87 | 2.622,76 | 31.609,59 | 20 |
| Promotores de obras | 526 | 174.066,12 | 35.814,33 | 16.684,70 | 320.796,17 | 7 |
| Contratistas xerais | 982 | 282.389,33 | 72.096,65 | 12.191,75 | 296.500,52 | 20 |
| Construcións pesadas | 68 | 74.339,65 | 19.377,67 | 4.034,64 | 61.989,13 | 67 |
| Preparación de obras | 74 | 13.459,37 | 5.233,79 | 1.671,21 | 11.196,19 | 15 |
| Instalacións eléctricas | 205 | 47.948,24 | 16.340,48 | 2.099,23 | 30.194,62 | 20 |
| Fontanería, calefacción e aire acondicionado | 128 | 26.342,59 | 8.295,53 | 1.111,99 | 16.362,65 | 16 |
| Rematado de edificios e obras | 292 | 48.353,27 | 18.225,02 | 2.004,92 | 39.660,77 | 18 |
| Distrib. maiorista de materiais para construción | 203 | 106.873,48 | 12.546,42 | 5.434,16 | 57.453,06 | 11 |
| Distrib. minorista de materiais para construción | 69 | 11.934,92 | 1.770,67 | 286,29 | 6.518,25 | 9 |
| Servicios de apoio á construción | 34 | 8.683,67 | 3.803,88 | 1.342,01 | 10.095,65 | 16 |
| Total | 2.961 | 918.639,57 | 231.436,51 | 62.175,40 | 1.083.596,61 | 18 |
| galegas | 28,01% | 15,51% | 19,84% | 17,87% | 24,18% | |

Fonte: Ardán

cadro reflicte que, dada a renda familiar bruta dispoñible, as galegas e galegos necesitarían un total de 5,87 anos, como media, para pagar unha vivenda. Este tempo é inferior ó necesitado polo conxunto de españois como media (7,29 anos), sendo a sétima comunidade onde se tardaría menos tempo en financiar unha vivenda.

Indicadores empresariais

Segundo o criterio de selección de empresas considerado polo Ardán, este sector está formado no ano 1999 por un total de 2.961 empresas, que presentan un emprego medio de 18 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 231.436,5 millóns de pesetas. Comparado coa situación empresarial do conxunto de empresas de Galicia analizada polo Ardán, este sector acolle o 28% das empresas e xera o 19,8% do VEB a custo de factores.

As actividades máis importantes que comprende o grupo, recollidas no **cadro 3.3.12.**, son as de contratistas xerais e as de promotores de obras con 982 e 526 empresas, respectivamente. En conxunto, estes dous grupos de actividades xeran o 49,7% do total de ingresos de explotación do sector primario e o 46,6% do valor engadido bruto a custo de factores.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro C.3.26.** (*Sector construción e obras públicas 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB*), é A Coruña cun total de 43.059,6 millóns de pesetas, un 43,6% máis que no ano anterior, seguido de Vigo e Pontevedra, cun valor engadido bruto xerado de 27.737,4 e 21.445,4 millóns de pesetas, respectivamente. Entre os tres núcleos de localización acollen o 40% do VEB total xerado polas empresas constructoras analizadas.

Respecto á **evolución da actividade:** ingresos, custos e resultados, o **cadro 3.3.13.** reflicte que 1999 foi un bo ano para as empresas do sector da construción, xa que por unha banda, o resultado neto do exercicio (47.391,1 millóns de pesetas), o resultado antes de impostos (67.236,7 millóns de pesetas) e o resultado de actividades ordinarias (66.053,1 millóns de pesetas) medraron por riba do 46% en relación ó ano precedente.

Por outra, o crecemento do VEB no ano 1999 medrou un 24,1%, e os ingresos de explotación, crecen un 24,3% polo que o peso relativo do VEB descende lixeiramente dende o 25,23% de 1998 ata o 25,19% do ano 1999. Ase-

CADRO 3.3.13.

Evolución da actividade no sector construción e obras públicas 1998-99: ingresos, custos e resultados

| | 1998 | | 1999 | | 99/98 |
|---|-------------------------|--------|-------------------------|--------|--------|
| | (en millóns de pesetas) | % | (en millóns de pesetas) | % | % |
| Ingresos de explotación | 739.022,04 | 100,00 | 918.639,56 | 100,00 | 24,30 |
| Consumo e outros gastos de explotación | 552.542,59 | 74,77 | 687.203,05 | 74,81 | 24,37 |
| Valor engadido bruto a custo dos factores | 186.479,44 | 25,23 | 231.436,51 | 25,19 | 24,11 |
| Gastos de persoal | 121.771,09 | 16,48 | 143.384,83 | 15,61 | 17,75 |
| Resultado económico bruto da explotación | 62.824,71 | 8,50 | 85.124,74 | 9,27 | 35,50 |
| Amortizacións | 12.781,08 | 1,73 | 14.784,25 | 1,61 | 15,67 |
| Resultado económico neto da explotación | 50.043,63 | 6,77 | 70.340,49 | 7,66 | 40,56 |
| Resultado financeiro | -5.429,72 | -0,73 | -4.287,37 | -0,47 | 21,04 |
| Ingresos financeiros | 10.354,28 | 1,40 | 12.119,82 | 1,32 | 17,05 |
| Gastos de persoal | 15.784,00 | 2,14 | 16.407,19 | 1,79 | 3,95 |
| Resultado de actividades ordinarias | 44.613,91 | 6,04 | 66.053,12 | 7,19 | 48,06 |
| Resultado de actividades extraordinarias | 518,83 | 0,07 | 1.183,55 | 0,13 | 128,12 |
| Resultado antes de impostos | 45.132,74 | 6,11 | 67.236,67 | 7,32 | 48,98 |
| Impostos | 12.694,73 | 1,72 | 19.845,53 | 2,16 | 56,33 |
| Resultado neto do exercicio | 32.438,01 | 4,39 | 47.391,14 | 5,16 | 46,10 |
| Cash-flow | 45.219,09 | 6,12 | 62.175,39 | 6,77 | 37,50 |

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.14.

Evolución do investimento e do financiamento no sector construción e obras públicas 1998-99

| | 1998 | | 1999 | | 99/98 |
|--|-------------------------|--------|-------------------------|--------|-------|
| | (en millóns de pesetas) | % | (en millóns de pesetas) | % | % |
| Activo total | 866.758,38 | 100,00 | 1.083.596,62 | 100,00 | 25,02 |
| Activo fixo (neto) | 175.089,46 | 20,20 | 237.526,79 | 21,92 | 35,66 |
| Gastos amortizables | 2.036,96 | 0,24 | 1.966,61 | 0,18 | -3,45 |
| Inmovilizado inmaterial | 15.487,17 | 1,79 | 18.006,10 | 1,66 | 16,26 |
| Inmovilizado material | 106.851,77 | 12,33 | 129.232,31 | 11,93 | 20,95 |
| Outro inmovilizado | 49.242,74 | 5,68 | 85.823,97 | 7,92 | 74,29 |
| Outro activo fixo | 1.470,82 | 0,17 | 2.497,79 | 0,23 | 69,82 |
| Circulante neto | 691.668,92 | 79,80 | 846.069,83 | 78,08 | 22,32 |
| Existencias | 362.730,73 | 41,85 | 388.627,68 | 35,86 | 7,14 |
| Debedores | 259.409,00 | 29,93 | 373.918,66 | 34,51 | 44,14 |
| Tesourería | 40.397,20 | 4,66 | 50.130,14 | 4,63 | 24,09 |
| Outro activo circulante | 29.131,99 | 3,36 | 33.393,34 | 3,08 | 14,63 |
| Fontes de financiamento | 866.758,38 | 100,00 | 1.083.596,62 | 100,00 | 25,02 |
| Financiamento permanente | 323.461,94 | 37,32 | 375.543,34 | 34,66 | 16,10 |
| Fondos propios | 206.177,76 | 23,79 | 248.370,20 | 22,92 | 20,46 |
| Recursos alleos l/p | 114.194,20 | 13,17 | 123.133,76 | 11,36 | 7,83 |
| Ingresos distribuídos en varios exercicios | 3.089,98 | 0,36 | 4.039,37 | 0,37 | 30,72 |
| Acreedores a curto prazo | 543.296,43 | 62,68 | 708.053,28 | 65,34 | 30,33 |
| Fondo de rotación | 148.372,49 | 17,12 | 138.016,55 | 12,74 | -6,98 |

Fonte: Ardán

made, o devandito cadro reflicte unha caída da importancia relativa do cash-flow, que acada o 6,1% dos ingresos de explotación en 1999 fronte o 6,8% do ano anterior.

En relación ó estudo do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.14.**, amosa que, en termos relativos, o financiamento

permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 16,3% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 138.016,6 millóns de pesetas, un 7% inferior ó existente o ano anterior. O 83,7% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernte ás fontes de financiamento, o 34,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que

crecen un 20,5% respecto ó ano anterior, supoñen o 22,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 7,8%, cun peso relativo do 11,4% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.083.596,6 millóns de pesetas, un 25% superior ó valor de 1998, dos que 237.526,8 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 35,7% superior respecto ó ano anterior). Os 846.069,8 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 22,3% con relación a 1998.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro C.3.25.** (*Sector construcción e obras públicas 1998-99: estudio económico-financiero. Indicadores do nivel e actividade e resultados sobre os ingresos de explotación*) reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un descenso respecto ós ingresos do VEB, e unha redución do peso relativo dos gastos de persoal e da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 7 puntos superior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 6,4 puntos porcentuais.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos aumentan no ano 1999, sendo superiores ás rexistradas polas 10.572 empresas galegas analizadas consideradas no seu conxunto. O devandito **cadro C.3.25.** amosa que a rendibilidade económica ascendeu en 1999 ó 6,76% fronte ó 6,67% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira, as porcentaxes foron do 22,18% e do 18,11% no caso das empresas do sector da construcción e no caso global de Galicia, respectivamente. ■